

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE XANEIRO DE 2016**

**LICENZAS  
FAVORABLES**

**LIC/988/2015.- NOVA ASECONIA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación parcial dun edificio sito na rúa Entremuros, 6.

**LAP/314/2012.- RECAMBIOS RAF GALICIA S. A.-** Conceder a licenza de obras de legalización e acondicionamento e a licenza de apertura dunha nave industrial para almacén e distribución de recambios de vehículos na rúa Vía Edison 8, B.

**LIC/882/2014.- OSORIO MOSCOSO JOSE RUIZ BUCESTA.-** Conceder a licenza para executar as obras de reparación parcial de cuberta do Pazo de San Lourenzo, en rúa Carballeira de San Lourenzo, 1.

**PARCELACION.-**

**LIC/331/2015.- CARMEN MATO REY.-** Conceder a licenza de parcelación dunha parcela sita na rúa Príncipes, 64 – Villestro

**PRÓRROGAS.-**

**LIC/14/2016.- OSCAR PLATAS GARCIA.-** Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xuño de 2010 para construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar de Barciela.

**LIC/1897/2015.- GABRIEL NION PATIÑO.-** Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xullo de 2013 para rehabilitación integral dunha vivenda sita na rúa Tras Salomé (de), 7.

**RECURSO DE REPOSICION.-**

**LIC/1996/2004.- RAFAEL PEDRO SOUTO CARLIN.-** Estimar o recurso de reposición interposto polo interesado contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 30.10.2015 xa que logo deixar sen efecto dito acordo polos motivos expostos nos antecedentes.

**AUTORIZACIÓN EN SUELO RÚSTICO.-**

**LIC/1766/2014.- JESÚS MONTOIRO CEPEDA.-** Informar favorablemente a solicitude presentada para a construción dun galpón e un emparrado na rúa Laranxeiras (das), 7 e remitir o expediente á Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo ós efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-**

**LIC/1997/2014.- ISABEL QUELLE CAMPOS.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/2411/2011 relativas á rehabilitación para adecuación funcional en materia de accesibilidade no edificio sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 22-24.

**LIC/516/2014.- CARLOS LAGO PEÑAS.-** Acceder á devolución das fianzas depositadas en garantía da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de 23.05.2013. O importe das fianzas é de 1.500 euros para responder de posibles danos en bens e servizos públicos e urbanización do fronte da parcela e 3.979,75 € como garantía da execución da prolongación da rede de servizo de abastecemento de auga.

**LIC/1844/2015.- TALLERES MIGUEL SEOANE, S. L.-** Acceder á devolución da fianza depositada como garantía da construción dunha nave na rúa José Villar Granjel (de), 34, por importe de 2.000 €.

**LIC/231/2013.- GESTIONES URBANÍSTICAS Y MEDIOAMBIENTALES, S. L.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 6.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/934/2008 relativas ás obras de construción dun edificio de 22 vivendas, locais, trasteiros e garaxes na rúa Amor Ruibal 4-6-8.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación parcial dun edificio sito na rúa Entremuros, 6. (LIC/988/2015). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de legalización e acondicionamento e a licenza de apertura dunha nave industrial para almacén e distribución de recambios de vehículos na rúa Vía Edison, 8, B. (LAP/314/2012). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reparación parcial de cuberta do Pazo de San Lourenzo, na rúa Carballeira de San Lourenzo, 1. (LIC/882/2014). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de parcelación dunha parcela sita na rúa Príncipes, 64-Villestro. (LIC/331/2015). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xuño de 2010 para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Barciela. (LIC/14/2016). Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xullo de 2013 para rehabilitación integral dunha vivenda sita na rúa Tras Salomé, 7. (LIC/1897/2015). Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa a estimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.10.2015 . (LIC/1996/2004). Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude para a construción dun galpón e un emparrado na rúa Laranxeiras (das), 7 e remitir o expediente á Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo aos efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. (LIC/1766/2014). Apróbase a proposta.

10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativas á solicitudes de devolución das fianzas: LIC/1997/2014, LIC/516/2014, LIC/1844/2015 e LIC/231/2013. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de alzada interposto por Urban Portfolio Inmobiliario, S.L. contra o punto 5º do acordo do 4 de novembro de 2015, da Xunta de Compensación do Polígono 2 do SUP-3 de Ponte Pedriña. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á execución do auto do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2, de data 9 de novembro de 2015, ditado no procedemento EJD 51/2015. Apróbase a proposta.

13 a 69.- -Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

70.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á subvención ao transporte colectivo urbano interior. (SRB/602/2015). Dáse conta da concesión ao Concello de Santiago, por parte da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior por importe de 405.812,8 euros.

71.- Cambio de titularidade do contrato de "Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais". (CON/135/2006). Apróbase a proposta.

**72.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o "Programa para facilitar os procesos de Erradicación do Chabolismo e infravivenda 2015".** Dáse conta da sinatura do convenio, que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación a Coruña e o Concello de Santiago para o programa municipal para a erradicación do chabolismo e das infravivendas como expresión de marxinalidade, para cofinanciar o custo das retribucións do persoal das equipas que estean a traballar neste ámbito. No caso de Compostela, o acordo supón que Deputación fai unha achega de 30.000 euros para cubrir parte dos custos salariais dunha educadora social. Os 21.667,48 euros restantes da retribución da trabaladora correrán a cargo do Concello.

**73.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda para dar conta da aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo no que atinxe ao departamento de Informática.** Apróbase a proposta.

**74.- Proposta do alcalde relativa ao inicio de trámites para suspensión temporal e recepción das obras de "Mellora do acceso ao río Sarela dende o barrio de Vista Alegre-Romaño (Fase I). Expte. Contrato menor 2015.** Autorízase a suspensión temporal das obras ata que as condicións meteorolóxicas permitan a súa finalización, tomando como data efectiva de suspensión a efectos de cómputo de prazos o 14 de decembro.

**75.- Proposta do alcalde relativa ao inicio trámites para a recepción das "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de creación do campo da festa e pista polideportiva en Angrois". (Expte. 61/14).** Apróbase a proposta.

**76.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA.** Apróbase o texto do convenio, que regula a cooperación entre o concello e a Asociación Cultural Cidade vella para impulsar a realización de actividades culturais que contribúan a dinamizar a cidade histórica, como contacontos, monólogos e teatro de cámara, maxia, clubs de lectura, música, sesións de DJs e exposicións. As actividades culturais para as que se empregue amplificación de son deberán desenvolverse nun horario que non exceda das 00:00 horas, agás as noites dos venres e sábados, que non excederán das 01.00 horas. As actividades culturais que non empreguen equipos de amplificación de son poderán desenvolverse no marco do horario de apertura do local.

**77.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.** Apróbase a solicitude dunha subvención de 23.000 euros, que supón o 54,62 por cento do custo total dunha orientadora laboral (42.109,96 euros)

**78.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas correspondentes ao exercicio 2016.** Apróbase a solicitude de subvención para cubrir o 100 % dos custos de dúas actividades formativas no centro de San Xoás de Aríns (Organización e proxectos de instalacións solares térmicas e Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas)

**79.- Propostas da Alcaldía relativas a devolución de fianzas.** Apróbase a proposta.

**80.- Proposta da concelleira delegada da área de Acción Cultural relativa á aprobación da programación e prezos públicos das actividades realizadas na rede de centros socioculturais de xaneiro a marzo 2016.** Apróbase a programación de actividades regulares para o período de xaneiro a marzo de 2016, cuxo gasto ascende a 71.400 euros. Prevéese un ingreso de 51.112,38 euros. Acórdase tamén a aprobación dos prezos públicos das actividades de programación de xaneiro a marzo de 2016.

**81.- Contratación de acordo de licenciamento do "ELA Small Government ESRI" para o Concello de Santiago de Compostela.** Apróbase a contratación á empresa ESRI España Soluciones Geoespaciales S.L, por un importe de 25.000 euros máis IVE (5.250 euros)